

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 24 DE XULLO DE 2024

Asistentes:

Presidente

Prada Rodríguez, Julio

Vicedecanos

Presedo Garazo, Antonio

Arribas Álvarez, M^a Carmen

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Domínguez López, Ángel

Estudantes

Domínguez Carrera, Lucía

Rama Mosquera, Alejandro

Rodríguez Álvarez, Lucía

PAS

Excusan asistencia

PDI

López Díaz, María

Reboreda Morillo, Susana

A reunión realizase de xeito presencial na sala de profesorado (Edificio de Facultades) e de xeito telemático na Sala de Xuntas 1 da Facultade de Historia, coa participación dos membros que se citan á marxe o mércores 24 de xullo ás 10,30 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 22 de marzo de 2024.
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos xa validados na xuntanza da Comisión de Calidade do 17 de xullo de 2024.
 - a) 3.1. R1 DO-0301 P1 Verificación/chequeo de información pública.
 - b) 3.2 R1 DO-0202 P1 Plan de promoción do Centro.
 - c) 3.3. R1 DO-0203 Plan de acción tutorial (PAT) e atención ás necesidades específicas de apoio educativo.
 - d) 3.4.R4 DO-0201 Procedemento para o seguimento e control da docencia [prorrógase].
 - e) 3.5. R1 DO-0204 P1 Criterios de asignación de prácticas curriculares.
4. Aprobación se procede, do cambio no regulamento do TFG.
5. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2024-2025.
6. Aprobación, se procede, dos horarios correspondentes ao curso 2024-2025.
7. Aprobación, se procede, do calendario de exames para o curso 2024-2025.
8. Aprobación, se procede, da planificación docente do Centro para o curso 2024-2025.
9. Aprobación, se procede, das Xornadas da Facultade de Historia para o segundo cuatrimestre do curso académico 2024-2025 e primeiro cuatrimestre do curso 2025-2026.
10. Asuntos de urxencia.
11. Rolda de intervencións.



O decano dá lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 22 de marzo de 2024.

A Acta é aprobada por aentimento.

2. Informe do presidente.

O presidente comenta a actividade extraacadémica da facultade, Mulleres no Tempo, cuxa primeira parte se celebrou en abril, e pide que se remitan canto antes os títulos definitivos dos relatorios aínda pendentes para a súa segunda parte que se celebrará no mes de outubro.

Comenta a continuación que no mes de abril recibíuse o Informe Final de renovación da certificación da implantación do SGC, coa cualificación de “favorable”, que, precisamente, valoraba positivamente o resumo de accións de mellora incorporadas no SGIC en resposta ao previo Informe Provisional.

En relación co plan de captación de alumnado, destaca a nova campaña publicitaria e de imaxe contratada empresa Nassas Social Media. As principais novidades tiveron que ver co deseño de novas creatividadeas baseadas na idea de fundir conceptos de diferentes épocas, a planificación nunha única fase, entre o 20 de maio e finais de xuño e a aposta decidida por formatos verticais que ao parecer ofreceron moi bos resultados nas dúas campañas anteriores. No mes de abril realizouse unha primeira acción en medios propios e con contidos en Facebook, Twitter e Instagram, así como en medios de pago, con campañas en diferentes plataformas dixitais. Tamén se prepararon materiais adaptados á web coas novas creatividadeas, actualizáronse as imaxes de portadas dos perfís en redes sociais e publicáronse o diferentes contidos orgánicos durante a semana activa. Comenta a súa participación na Semana de Portas Abertas Virtuais celebrada entre o 17 e o 21 de xuño que pretendía que o alumnado interesado puidese plantexar dúbidas o consultas aos responsables de captación dos centros conectándose dentro do horario facilitado pola vicerreitoría, que no noso caso foi o 19 de xuño, e só se conectou un posible alumno. Indica que agás en títulos moi concretos, como Aeroespacial ou algunha enxeñaría, o número de asistentes foi moi reducido e mesmo en varios non se conectou ninguén, malia o cal considera positiva a experiencia.

En canto ao estado da matrícula comenta que o número de solicitudes totais en primeira convocatoria foi 39 como 1ª preferencia, e 37 como 2ª preferencia, cifras que son moi similares ás do curso pasado, con algo máis de solicitudes como primeira opción, pero un número bastante inferior en segunda opción. Chegaron a 41 os alumnos na primeira convocatoria, pero causaron baixa 3; en segundo e terceiro chamamento só se matriculou un. A



pesar de non ser malas cifras, nótase a incidencia do incremento de matrícula da facultade de Santiago, que superou o límite de prazas. No caso do PCEO con Turismo o número de solicitudes en primeira opción foi só de 4, a pesares dunha certa recuperación da titulación de Turismo que de momento non semella reflectirse no dobre Grao. Formalizáronse as 39 solicitudes e 2 no PCEO, co cal considera que se poderá acadar sen problemas o número mínimo de 45 alumnos en posteriores chamamentos.

Comenta a continuación que se levou a cabo unha Revisión en profundidade da web, eliminando contidos obsoletos e datos burocráticos de cursos de cinco anos. O peso da revisión foi do prof. Antonio Presedo, coa axuda do decano e o prof. Luis Velasco subindo documentos, o que supuxo un aforro económico moi importante. O orzamento de mantemento da web e de fotocopias está dando problemas; se autorizou por primeira vez un cambio de orzamento, retirando 2500 euros de mobiliario para atender a estes conceptos de fotocopias e mantemento da web, polo que haberá menos dispoñible para mobiliario no comezo do curso próximo, máxime cando xa hai compromisos para cambios en aulas ou despachos do profesorado. Pide unha vez mais reflexión sobre o gasto en fotocopias: 2.292 euros a día 1 de xullo, se segue esta progresión ascendente (incremento de 200 euros en cada cuatrimestre) haberá que limitar copias ou botar man das fotocopias de investigación do departamento ou tamén unha parte do presuposto da delegación de alumnos para estes gastos.

En canto aos laboratorios docentes, comenta que xa se fixo o reparto e lembra a data do 4 de outubro para ter feito o gasto e non sobrecargar á Area de Apoio.

Así mesmo sinala que se achegou o reparto do que era o antigo VAD, a cantidade é a mesma que a do ano pasado, case 4100 euros, pero corresponde algo menos aos que teñen a mesma docencia, porque o incremento de grupos de primeiro incrementa o número de horas a impartir.

Sinala que se achegou para coñecemento dos membros da xunta de facultade, pero, especialmente para os representantes do alumnado, a convocatoria de mobilidade da ORI para o próximo curso.

Para finalizar, comenta un avance dos resultados do PAT, destacando algunhas cuestións que deberíamos ter en conta nas planificacións docentes do vindeiro ano. En primeiro lugar, que se sigue reiterando a solicitude da gravación das clases, algo que, lembra, non é obrigatorio, pero que o alumnado solicita constantemente. En segundo lugar destaca unha suba na participación tanto nos informes de seguimento, tamén se incrementou no anexo IV. Tamén apuntan algo recorrente cada dous ou tres cursos, a acumulación de tarefas cara ao final do cuatrimestre. Por outra banda, o alumnado de 4º lembra que neste este curso as materias non teñen a mesma carga lectiva en teoría e práctica, e piden que se siga o disposto nas guías. Algúns alumnos/as pedían establecemento dun tempo de agarda prudencial do alumnado polo profesor, se este non avisa previamente.

3. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos xa validados na xuntanza da Comisión de Calidade do 17 de xullo de 2024.
 - 3.1. R1 DO-0301 P1 Verificación/chequeo de información pública.
 - 3.2 R1 DO-0202 P1 Plan de promoción do Centro.
 - 3.3. R1 DO-0203 Plan de acción tutorial (PAT) e atención ás necesidades específicas de apoio educativo.
 - 3.4.R4 DO-0201 Procedemento para o seguimento e control da docencia [prorrógase].
 - 3.5. R1 DO-0204 P1 Criterios de asignación de prácticas curriculares.

Os procedementos son aprobados por asentimento

4. Aprobación se procede, do cambio no regulamento do TFG.

O decano laméntase dos problemas que está a dar a xestión do TFG a través da plataforma sigma e pide que conste en acta o seu agradecemento a Dolores Domínguez Pereira e a Consuelo López (encargada do PCEO) pola súa preocupación para resolver todos os problemas que foron xurdindo e garantir o funcionamento é, así, a Facultade de Historia parece ser o único centro que non tivo problema co peche das actas, o que foi debido a que seguimos o noso propio procedemento para evitar traspasos de expedientes motivados unicamente por cambio de títulos.

Comenta polo miúdo o procedemento seguido na facultade para a xestión das ofertas este curso, que será o mesmo nos vindeiros. Sinala que os cambios no regulamento buscan eliminar burocracia e, así, eliminase a comisión de TFG e gran parte das funcións desta comisión son asumidas polo coordinador ou pola Comisión Permanente da Facultade. Elimínanse todos os formularios, agás a oferta de liñas, que segue en Moovi; un formulario esencial que se mantén é a comunicación da defensa á Área de Grao, imprescindible para xerar Actas; elimínanse tamén as actas provisionais e definitivas. Finalmente, a Acta Individualizada, en lugar de enviala á área de grao como ata agora, súbense a SIGMA onde quedarán arquivadas.

O prof. Domingo Rodríguez indica que temos que decidir en que carpeta se sube esta Acta, xa que a que aparece como “Documentación de la defensa del TFE” actualmente non permite subir ningún tipo de arquivo, a que se pode empregar é a de “Documentación de evaluación del trabajo de fin de estudios” que non a pode ver o alumno/a.

Comenta o prof. Antonio Presedo que se pode imprimir esa rúbrica e enviala á Área de Grao. O decano indica que iso era o que se viña facendo ata agora, pero que subindo a Acta a SIGMA xa non será preciso enviala á Área de Grao.

Destaca que para vindeiros cursos, os profesores teñen que estar pendentes dos alumnos de cursos anteriores. A inscrición dun/ha alumno/a é válida por dous anos, pero hai que crear a oferta en cada curso. Isto incide

sobre o número máximo de alumnos/as titorizados por cada profesor/a, polo que e propón que sexa un máximo de 8 alumnos, contando os que veñen de cursos anteriores.

O prof. Francisco Rodríguez sinala que 6 sería un número moi baixo, mentres que a prof^a. Beatriz Vaquero que ese número dependerá solicitudes que reciban as distintas Áreas.

O decano sinala que as áreas que presentan maior demanda tradicionalmente son as de América, Antiga e Contemporánea. En Antiga os posdoc. dirixiron traballos e houbo algún problema en América que se solventou sen maior problema. Considera que se poden manter os 8 por profesor/a tendo en conta que se debe conciliar atención ao alumnado con preferencia de elección. Recomenda que cada titor/a aplique un criterio claro á hora de aceptar alumnado de TFG y que tamén leve a conta do máximo de 8 ofertas.

Comenta finalmente, en relación á supresión da comisión de TFG, que o regulamento da Universidade non contempla a existencia dunha comisión de TFG, fala dunha comisión (sen especificar) ou en quen delegue. Lembra as competencias que tiña asignadas a comisión de TFG da Facultade sinalando como moitas delas corresponden ao centro, á decisión dos titores ou poden ser asumidas pola Comisión Permanente da Facultade.

Aprobase as modificacións do Regulamento de TFG por asentimento.

5. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2024-2025.

Comenta o decano que o curso comezará o 9 de setembro coa xornada de acollida para o alumnado, e que o segundo cuatrimestre terá o seu inicio o 27 de xaneiro. Este curso haberá dous días máis para a defensa do TFG co fin de facilitar que o peche das actas das demais materias poida anterior á defensa do TFG. Sinala que, algo do que deben ser consciente sobre todo o alumnado, a premura nas datas é consecuencia da proximidade da apertura na preinscripción no Mestrado de Secundaria.

O prof. Antonio Presedo comenta que o máster de secundaria é unha continuación lóxica para o noso alumnado e que, consecuencia dos seus prazos de inscrición é que unha parte importante do noso alumnado queda fora.

Finaliza o decano comentando as datas reservadas do 31 outubro para as segunda parte das Xornadas Mulleres no Tempo e o 25 de abril para a primeira parte das Xornadas do ano 2025. Pide que, como sempre, as áreas implicadas teñan as actividades substitutorias previstas e que o resto das áreas lembren que teñen que facilitar a asistencia do alumnado. Tamén lembra que se lle remita á Vicedecana, quen o teña pendente, datas de actividades, xornadas, etc. para rematar os horarios.

Aprobase o calendario académico por asentimento.

6. Aprobación, se procede, dos horarios correspondentes ao curso 2024-2025.

Comeza o decano agradecendo o traballo de Carmen Arribas. Comenta a continuación que o borrador de horarios foi consultado co alumnado que solicitaron que o borrador que se trae a Xunta de Facultade tivese os mínimos cambios posible.

Apróbanse os horarios por asentimento.

7. Aprobación, se procede, do calendario de exames para o curso 2024-2025.

Sinala o decano que este curso houbo mais solapamentos dos habituais na mesma aula e materias polo escaso das datas dispoñibles. Lembra que se se produce esa coincidencia o alumnado debe falar cos profesores afectados. Se non hai acordo, resolverá o decanato. Para o curso vindeiro habilítase facer exames de 4º pola tarde, para reducir os solapamentos.

Apróbase o calendario por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da planificación docente do Centro para o curso 2024-2025.

Comenta o decano que este curso DOCNET tamén tivo os seus problemas. A prof. Beatriz Vaquero sinala algúns dos problema acaecidos pero sino que pouco a pouco foi posible solucionarlos, entre outras cousas porque non houbo necesidade de facer cambios importantes. O decano agradece a profª Betariz Vaquero o traballo realizado.

A planificación docente é aprobada por asentimento.

9. Aprobación, se procede, das Xornadas da Facultade de Historia para o segundo cuadrimestre do curso académico 2024-2025 e primeiro cuadrimestre do curso 2025-2026.

Sinala o decano que, en previsión de cando saia a subvención, que se agarda sexa a principios de ano e preciso aportar un título acordado en xunta de Facultade. A proposta que se presenta é “Territorio e Identidade”, porque «territorio» facilita a participación das áreas de xeografía.

Lembra a continuación o procedemento: 3 relatorios en cada parte, sempre un debe ser da casa (ou moi próximo, polo tema económico). En caso de máis ofertas que posibilidades, darase preferencia ás que non convidaran anteriormente ou tiveran un custe menor.

Apróbase a proposta por asentimento.

10. Asuntos de urxencia.

Non hai.

11. Rolda de intervencións.

Non se producen

Remata a sesión ás 11,30 h do día 24 de xullo de 2024, da que eu como secretario dou fe co visto e praxe do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro